

Circular: 14 / 2003	Data: 18/ 12 / 2003
----------------------------	----------------------------

Asunto: Comisi3ns de Servicio

Orixe: Secretar3a Xeral da Conseller3a de Sanidade

3mbito: Conseller3a de Sanidade – Servicio Galego de Sa3de

As Ordes do 14 de marzo de 2002, sobre delegaci3n de competencias en 3rganos centrais e perif3ricos da Conseller3a de Sanidade e do Servicio Galego de Sa3de, dispo3en a delegaci3n no Secretario Xeral, nos Directores Xerais e Delegados Provinciais da autorizaci3n das comisi3ns de servicio con dereito a indemnizaci3n, en relaci3n 3 persoal do seu centro directivo.

Del3ganse as3 mesmo nos directores xerentes de instituci3ns sanitarias ou nos seus equivalentes, tanto no 3mbito da atenci3n primaria como especializada, a autorizaci3n das comisi3ns de servicio con dereito a indemnizaci3n en relaci3n 3 persoal non directivo dependente do centro, as3 como as que se realicen dentro da Comunidade Aut3noma por eles mesmos ou polo persoal directivo do centro.

O Decreto 45/2002, do 8 de febreiro, polo que se establece a estrutura 3rganica do Servicio Galego de Sa3de, no seu artigo 25 disp3n que lle

CIRCULAR 14/03

corresponde ós directores provinciais a concesión das comisións de servizo con dereito a indemnización en relación ó persoal da dirección provincial.

De acordo coa normativa sinalada e co obxecto de corrixi-las deficiencias observadas na tramitación do procedemento establecido para a realización das comisións de servizo e establecer uns criterios homoxéneos ó respecto, esta Secretaría Xeral, en exercicio da competencia de coordinación, considera conveniente dicta-las seguintes instrucións:

INSTRUCCIÓNS

1.- Nos supostos nos que se teña que levar a cabo algún tipo de comisión de servizo por parte dun subdirector xeral, xefe de servizo ou demais persoal pertencente á Consellería de Sanidade e ó Servizo Galego de Saúde, previamente á realización do servizo deberán proceder á cumprimentación do apartado "orde de servizo" reflexado no impreso oficial de comisión de servizo para o seu conforme polo Secretario Xeral ou órgano competente, segundo corresponda (Adxúntase copia do mesmo).

2.- A comunicación en tódolos casos deberase realizar cunha antelación mínima de 24 horas.

3.- Na mesma deberanse indicar os seguintes datos:

- Lugar e obxecto da comisión
- Medio de locomoción e datos do vehículo
- Data e hora de saída
- Data e hora de regreso

- Días
- Nome, apelidos, NIF e cargo da persoa interesada

4.- Unha vez realizado o servizo será remitido novamente o impreso, debidamente cumprimentado, á Secretaría Xeral ou centro directivo competente onde constará a declaración do funcionario de ter realizado o servizo, para a súa certificación e a liquidación das indemnizacións.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2003

O SECRETARIO XERAL

Asdo...: Manuel Antonio Silva Romero

CIRCULAR 14/03